



## **CONCELLO DE OUTES (A Coruña)**

---

### **ACTA CONSTITUCIÓN E DITAME DO XURADO. “XXIV CERTAME FRANCISCO AÑÓN DE POESÍA 2020”**

Nesta vixésimo cuarta edición do certame e fieis ao seu espírito, seguimos co obxectivo de promover o valor creativo e literario da nosa lingua. A través da concellaría de cultura, desexamos un ano máis apoiar os novos valores da nosa cultura e as nosas letras, e servirmos de estímulo aos novos e novas escritores e escritoras no eido da poesía.

Sendo as 17:15 horas do luns 2 de novembro de 2020, reúnense a través de videochamada, por mor das restriccións territoriais aplicadas pola Covid-19 da Xunta de Galicia, as persoas que a continuación se indican:

**D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Consuelo Gundín Rey. Profesora de lingua e literatura galega. Asesora de bibliotecas escolares.**

**D<sup>a</sup>. Oriana Méndez Fuentes. Filóloga e poeta.**

**D. Ismael Ramos Castelo. Poeta, escritor e filólogo.**

**D<sup>a</sup>. Eva M<sup>a</sup> Teijeiro Suárez. Profesora de lingua e literatura castelá e coordinadora do clube de lectura Casa Museo Manuel María.**

Intervén como secretario, Santiago Nieto Romarís, quen levanta acta e, a continuación, presenta ás persoas que compoñen o xurado xa que ata este momento era segredo, non eran coñecedoras unhas das outras, permanecendo no anonimato quen participaría en dita xuntanza. Un dos criterios de transparencia e bo proceder para manter a independencia nas decisións de cada edición do Francisco Añón.

Os orixinais presentados foron enviados por mensaxería a cada unha das persoas do xuri, con tempo suficiente para a súa valoración.

Propúxose unha criba vía “on line” previa a esta reunión presencial onde cada persoa propuxo as composicións finalistas, en base a uns termos acordados pola organización.

Seguidamente procédese á valoración dos poemarios que se recibiron dentro do prazo sinalado.



## CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

---

### Categoría A: Nenos/las de 6 a 7 anos:

O xurado outorga o primeiro premio -vale de 120 euros e publicación da obra galardoada- ao traballo titulado “*O cabaliño*”. O xurado destaca a descrición vívida e colorista que fai do animal, así como o acerto nas orixinais comparacións que emprega ao longo da súa composición. Aberta a plica, o traballo pertence a Tiago de Blas Sánchez, de 7 anos de idade e natural de Brión, A Coruña.

### Categoría B: Nenos/las de 8 a 9 anos:

O xurado outorga o primeiro premio -150 euros en libros e publicación- á obra “*A resistencia*”. Aberta a plica correspondeu á autoría de: Kiara de Blas Sánchez, alumna de oito anos de idade estudante no CEIP Agro do muíño e natural de Brión. A súa composición, que versa sobre a pandemia e o confinamento, trata esta temática de maneira moi orixinal: introducindo o papel da prensa, as máscaras, o drama da xente maior e a impotencia que produce o encerro ao querer ir á escola.

O xurado premia con accésit, publicación do traballo ao poema titulado: “*A guerra*” unha composición en forma de carta dirixida a un ti, onde se ve a crise do coronavirus como unha guerra, que a autora compara con outras. Aberta a plica pertence a Mencía Domínguez Iglesias de 9 anos de idade natural de Ames e estudante no CEP de Ventín.

### Categoría C: Nenos e nenas de 10 a 11 anos:

Categoría deserta.

### Categoría D: Rapaces e rapazas de 12 a 14 anos:

O poemario gañador –publicación e 210 euros en libros- foi para o traballo titulado “*Apertas plastificadas*”. Aberta a plica, corresponde á autoría de Noa de Blas Sánchez, de trece anos de idade, natural de Brión e estudante do IES da súa localidade. O xurado valora a visión positiva que fai da crise sanitaria, como un tempo para a reflexión, para aprendermos a apreciar as cousas. A autora aborda de xeito moi acertado o tema das “distancias” e crea a fermosa imaxe das “apertas plastificadas”, cun xuízo de madurez que vai máis alá da súa idade.

### Categoría E: Mocidade de 15 a 17 anos:

O poemario gañador á estimanza do xurado foi para o traballo titulado “*Sen tí o mundo non ten sentido*” -transferencia bancaria por valor de 450 euros e publicación-. Aberta a correspondente plica resultou ser da autora Sandra Rodríguez Macía de 17 anos de idade e estudante no IES Lama das Quendas. O xurado valorou positivamente a unidade temática dos poemas, así como o longo alento dalgunhas das composicións. Tamén quixo destacar a potencia das imaxes, que beben da tradición romántica pero que se actualizan para chegar a nós.



## CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

---

### Categoría F: Maiores de 18 anos:

O poemario gañador desta categoría- 1200 euros e publicación da obra- é para o traballo titulado “*Inventario de consecuencias*” que se acompañou do lema *Efectos fenotípicos do capitalismo*. Aberta a plica resultou ser o autor Óscar García Ramos, natural de Bergondo. A Coruña. O xurado destaca a presenza dunha voz culta e intelectualizada en equilibrio co xogo de referencias surrealistas no que se move o poemario. Dende o punto de vista do contido, salienta o tratamento que fai do tema do espello, dende moi diversas ópticas, así como o xogo mitolóxico. Chama tamén poderosamente a atención a diversidade e dominio dos metros e as formas (sonetos e verso libre) polas que transita o ton irónico que domina os poemas.

O xurado concede accésit compartido –publicación- aos poemarios titulados “*Se tivera un pau e gasolina e unha amiga, e un chisqueiro*” da que o xurado destaca as imaxes suxestivas, o ton irreverente e inconformista, e o diálogo que establece de maneira fresca e anovadora coa temática de calado social. Aberta a plica a autora é Bea Saiáns de Vigo.

O outro accésit compartido -publicación- é para o traballo titulado “*CL*” do que o xurado destaca a vontade de estrutura no libro (tanto a nivel global como interna, avanza e está ben construído o contraste entre poemas). A destacar a idea da viaxe, a relación dialéctica que establece cun ti. Tamén as imaxes potentes que traballa, sobre todo nos momentos máis narrativos da composición. Aberta a plica o seu autor é Manuel López Rodríguez natural de Noia. A Coruña

Remátase a sesión sendo as 18:40 horas.

E para que así conste, asinan a acta todas e cada unha das persoas que integran o xurado do “XXIV Certame Francisco Añón de poesía”.

Outes, 2 de novembro de 2020